



## Quen é quen?

**Texto:** Vera Galindo

**Medidas:** 17x24 cm

**Ilustracións:** Vera Galindo

**Páxinas:** 36

**Idioma:** Galego

**I.S.B.N.** 978-84-18667-22-0

**Encadernación:** Tapa dura

**P.V.P.:** 15,00€

**IBIC:** YN

Quen é quen? Non é só un libro para o Entroido, busca no noso interior e activa os resortes da nosa imaxinación. Por medio das máscaras, ofrécenos a posibilidade de vernos tal e como soñamos, só para chegar á conclusión de que non as precisamos para ser quen queiramos ser.

## Antes da lectura

Entre todos, preparede unha lista de máscaras famosas; ben polo personaxe que representan, ben por aparecer nalgunha película ou por vela nalgunha foto ou cadro, etc.

Baseándonos na lista anterior, indicade de que materiais están (ou cren que están) feitas esas máscaras.



Realizade varios grupos con esas máscaras; por exemplo, en base á súa antigüidade ou no uso que se lles daba, etc.

Que cada participante elixa unha máscara da lista (pode ser a propia ou a aportada por outro compañeiro) e que indique o porqué da súa escolla.

## Despois da lectura

Que dato histórico sobre as máscaras che sorprendeu máis e por que?

---

Cal foi a túa máscara favorita de todas as que apareceron no libro?

---

Por que cres que se lles atribuían propiedades máxicas? Ti te sentes diferente cunha máscara posta?

---

Paréceche boa idea que haxa un día da semana para xogar ás máscaras? Cres que iso te pode axudar a imaxinar que é o que queres ser de maior?

---

Preguntádelles se imaxinan o motivo polo que as persoas se senten máis capaces de facer algo ao levar máscara. Poñede en común e comentade as súas respostas.

